



APELIDOS, NOME

D.N.I.

AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS

PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE POSTOS DE
TRABALLO MEDIANTE CONTRATACIÓN LABORAL FIXA.
(DOG: 24-03-2015)

CATEGORÍA: CONDUCTOR/CELADOR

PARTE ESPECÍFICA

ADVERTENCIAS:

- Non abra este cuestionario ata que llo indiquen.
 - Para abrir o cuestionario, introduza a man no caderno e, cun movemento ascendente, corte pola parte dereita do caderno (vexa a figura esquina inferior dereita).
 - Se observa algunha anomalía na impresión do cuestionario, solicite a súa substitución.
 - Escriba os seus datos persoais no recadro superior.
 - O tempo de realización deste exercicio é de **180 minutos**.
 - Este cuestionario consta de 100 preguntas máis 10 preguntas de reserva. As preguntas deste cuestionario deben ser contestadas na "folla de exame" entre os números 1 e 110.
 - En cada pregunta existe unha e só unha resposta correcta.
 - Todas as preguntas de cada exercicio teñen o mesmo valor.
 - As respostas correctas puntuarán positivamente, as non contestadas non terán valoración ningunha e as contestadas erroneamente serán penalizadas cun cuarto do valor asignado á contestación correcta.
 - Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "folla de exame" é o que corresponde ao número de pregunta do cuestionario.
 - Só se terán en conta as respostas marcadas na súa "folla de exame" que se lle entrega xunto co caderno.
 - Este cuestionario pode utilizarse na súa totalidade como borrador.
 - En caso de erro tipográfico ou de transcripción entre o texto editado en galego e o editado en castelán do cuestionario bilingüe, prevalece este último para os únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución poderán expresarse de maneira unívoca.
 - Non se permite o uso de calculadora, libro nin documentación ningunha, móbil nin ningún outro elemento electrónico.
 - Se terminou de realizar o seu exercicio, advírtallo á organización para que lle recolla este cuestionario e a "folla de exame", da que se lle entregará a terceira copia. Malia o anterior, se acaba durante os 5 últimos minutos do tempo límite fixado para realizar o exercicio, permanecerá no seu asento ata que se lle recollan os anteriores documentos.
- SOBRE A FORMA DE CONTESTAR NA «FOLLA DE EXAME», LEA MOI ATENTAMENTE AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO SEU DORSO.**
- ESTE CUESTIONARIO DEBERÁ SER DEVOLTO COMPLETO AO FINALIZAR O EXERCICIO.**

ABRA SOAMENTE CANDO O INDIQUE O TRIBUNAL



1. Sinale o enunciado correcto:
 - A) En Windows os cartafoles fan a función de contedor e serven para clasificar a información xeralmente en forma de arquivos.
 - B) En Windows os arquivos fan a función de contedor e serven para clasificar a información xeralmente en forma de cartafoles.
 - C) En Windows 7 non está dispoñible a creación de cartafoles.
 - D) As respostas A e B son correctas.

2. Cal dos seguintes comportamentos inflúe negativamente no consumo de combustible?
 - A) Circular na marcha máis longa posible e a baixas revolucións.
 - B) Manter a velocidade de circulación o máis uniforme posible.
 - C) Nos procesos de desaceleración, reducir de marcha canto antes.
 - D) Arrancar o motor sen acelerar.

3. Os motores de explosión aliméntanse para o seu funcionamento:
 - A) Dunha mestura de aceite e gasolina.
 - B) Unicamente de gasolina.
 - C) Dunha mestura de aire e gasolina.
 - D) Todas as anteriores son incorrectas.

4. A materia sobre tráfico e circulación de vehículos a motor é competencia:
 - A) Exclusiva do Estado.
 - B) Exclusiva da comunidade autónoma.
 - C) De desenvolvemento lexislativo e execución das bases do Estado por parte das comunidades autónomas.
 - D) Exclusiva dos concellos.

5. Cal é o tipo de suspensión independente que se caracteriza polo uso de cinco "brazos" que unen o chasis do vehículo ás rodas?
 - A) Suspensión de eixe torsional.
 - B) Suspensión McPherson.
 - C) Suspensión de dobre pinza.
 - D) Suspensión Multilink.

6. Que sistema se encarga de manter en todo momento o contacto entre os pneumáticos e a estrada, garantindo estabilidade e confort?
 - A) A suspensión e amortecemento.
 - B) Os pneumáticos.
 - C) Os freos.
 - D) Os asentos.

7. As funcións principais das rodas son as seguintes:
 - A) Transmitir os esforzos de tracción e freada.
 - B) Participar na suspensión e confort do vehículo.
 - C) Soportar a masa do vehículo, pasaxeiros e carga.
 - D) Todas as anteriores.

8. Durante a realización de transportes de mercadorías, de acordo coa Lei de ordenación dos transportes terrestres, poderán ocupar o vehículo:
- A) Unicamente o seu condutor e tripulación, en todo caso.
 - B) Persoas distintas ao seu condutor e tripulación cando así o posibilite o correspondente permiso de circulación e o seu transporte non dea lugar a retribución ningunha a favor do transportista.
 - C) Persoas distintas ao seu condutor e tripulación cando así o posibilite o correspondente permiso de circulación, con independencia de que o seu transporte dea ou non lugar a unha retribución a favor do transportista.
 - D) O seu condutor e tripulación, así como calquera outra persoa distinta a eles.
9. Cal das seguintes afirmacións é correcta en relación con supoñer un maior consumo de combustible?
- A) A velocidade inflúe no consumo.
 - B) O uso do aire acondicionado incrementa o consumo de combustible.
 - C) A radio acesa, aínda que pouco, tamén inflúe no consumo.
 - D) Todas son correctas.
10. Medidas de pneumáticos. Dentro da descrición do seguinte pneumático 175/65 R 15, 65 indícanos:
- A) Os milímetros do ancho do pneumático.
 - B) A distancia desde a lamia ata a banda de rodamento.
 - C) O diámetro da lamia en polgadas.
 - D) Ningunha das anteriores.
11. A iluminación do vehículo é un sistema clave na seguridade activa dado que, grazas á iluminación, podemos circular en situacións de baixa visibilidade e ver con claridade, así como informar o resto de usuarios da vía sobre a nosa presenza na estrada, a dirección que imos tomar ou a velocidade á que estamos a circular. Cal das seguintes respostas é a incorrecta?
- A) A cor das distintas luces emitidas polo noso vehículo está catalogada por normativa nacional; así, os faros traseiros serán de cor vermella, os laterais ou direccionais ámbar e os dianteiros amarelos ou de luz branca, salvo en vehículos de urxencias.
 - B) A iluminación dianteira do noso automóbil depende principalmente dos faros de longo e curto alcance. Ademais estes son unha das partes máis vistosas do vehículo e a miúdo son substituídos cunha finalidade estética xa que son capaces de lle outorgar un determinado estilo e personalidade propia ao vehículo.
 - C) Os faros de curto alcance ou de cruzamento teñen por finalidade emitir unha luz de corte afiado e asimétrico para evitar cegamentos a outros usuarios da vía, mentres que a luz de estrada ou longo alcance consiste nun feixe máis intenso e centrado, polo que debe usarse só cando estamos sos na estrada.
 - D) Desde febreiro de 2011, os fabricantes están obrigados a incluír faros de conducción diúrna nos seus novos modelos.

12. Cal das seguintes situacións non é considerada unha infracción moi grave dentro da Lei de ordenación dos transportes terrestres?
- A) A realización de transportes públicos ou privados utilizando condutores que carezan do certificado de aptitude profesional ou da tarxeta de cualificación (CAP) en vigor.
 - B) A carencia significativa de follas de rexistro ou de datos rexistrados no tacógrafo ou nas tarxetas dos condutores que exista obriga de conservar na sede da empresa.
 - C) Non identificar o transporte de mercancías perigosas no exterior do vehículo.
 - D) Carencia de extintores que resulten obrigatorios en función do vehículo ou a carga transportada.
13. Cal é a finalidade do indicador de presión dos pneumáticos?
- A) Medir de maneira continua a presión de inflado dos pneumáticos e informar o condutor cando a devandita presión se sitúa por debaixo dun determinado límite.
 - B) Medir a profundidade mínima do debuxo da banda de rodamento.
 - C) As respostas A e B son correctas.
 - D) As respostas A e B son incorrectas.
14. Conducir un vehículo cun permiso ou licenza de condución que non o habilite para iso supón a perda de:
- A) 4 puntos.
 - B) 6 puntos.
 - C) 3 puntos.
 - D) Só é sancionable con contía económica.
15. Tipos de termóstatos no sistema de refrixeración do motor:
- A) Termóstatos aerotermos.
 - B) Termóstatos de cápsula.
 - C) As respostas B e D son correctas.
 - D) Termóstatos de fol.
16. Un contacto que corta ou permite o paso da corrente eléctrica a través da bobina coñécese co nome de:
- A) Ruptor
 - B) Bomba
 - C) Platinos
 - D) A e C son correctas
17. Cal das seguintes impresoras que se nomean a continuación é de impacto?
- A) A de liñas.
 - B) A de láser.
 - C) A térmica.
 - D) A de burbulla.

18. Sinale a afirmación correcta:

- A) Como regra xeral, todo propietario de vehículos a motor que teña o seu estacionamento habitual en España estará obrigado a subscribir e manter en vigor un contrato de seguro por cada vehículo do que sexa titular.
- B) Como regra xeral, todo propietario de vehículos a motor que teña o seu estacionamento non habitual en España estará obrigado a subscribir e manter en vigor un contrato de seguro por cada vehículo do que sexa titular.
- C) Como regra xeral, todo propietario de vehículos a motor que teña o seu estacionamento habitual en España estará obrigado a subscribir e manter en vigor un contrato de seguro único para todos os vehículos dos que sexa titular.
- D) Como regra xeral, todo propietario de vehículos a motor que teña o seu estacionamento non habitual en España estará obrigado a subscribir e manter en vigor un contrato de seguro único para todos os vehículos dos que sexa titular.

19. Medida que axuda a asegurar o equipo informático:

- A) Ter instalado no equipo unicamente o software necesario reduce riscos.
- B) Manter ao máximo o número de recursos de rede só en modo lectura impide que computadores infectados propaguen virus.
- C) Contraseñas difíciles de descubrir e suxeitos a cambio con suficiente periodicidade.
- D) Todas son correctas.

20. Segundo o Real decreto legislativo 6/2015, do 30 outubro, que aproba o texto refundido da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, as infraccións leves serán sancionadas con multa de:

- A) Ata 100 euros.
- B) 200 euros.
- C) 500 euros.
- D) Ningunha é correcta.

21. Como se denomina o elemento do sistema de transmisión que modifica a forza ou a velocidade aplicada ás rodas aproveitando a potencia do motor para vencer a resistencia do vehículo ao desprazarse?

- A) Embrague.
- B) Caixa de cambios.
- C) Árbore de transmisión.
- D) Palieres.

22. Actualmente o sistema de asistencia á freada de emerxencia é equipamento obrigatorio en todos os turismos novos vendidos en Europa.

- A) Si.
- B) Só naqueles turismos que superen unha determinada cilindrada.
- C) Non.
- D) Depende da lexislación interna de cada Estado.

23. Cando aumentamos a presión dos pneumáticos nas rodas traseiras, estamos a obter un vehículo:
- A) Neutro.
 - B) Infravirador.
 - C) Sobrevirador.
 - D) Ningunha resposta é correcta.
24. Motivos de avaría no sistema de lubricación:
- A) Introducir aceite inadecuado.
 - B) Todas as respostas son correctas.
 - C) Nivel de aceite moi baixo.
 - D) Bomba de aceite en mal estado.
25. Que misión ten a bomba de gasolina?
- A) Filtrar a gasolina.
 - B) Limpar a gasolina.
 - C) Levar a gasolina ata o carburador.
 - D) Detectar o enchido do tanque de gasolina.
26. De que tipo de motores é típica a contaminación por emisións de partículas?
- A) Diésel.
 - B) Gasolina.
 - C) Eléctricos.
 - D) Autogás.
27. Nun correo electrónico, o símbolo dun clip cando se recibe nunha mensaxe significa:
- A) Que trae un arquivo adxunto.
 - B) Que trae unha fotografía adxunta en calquera formato.
 - C) Que o destinatario espera resposta.
 - D) Que a mensaxe pode ter un virus.
28. Desde que momento debe ser computada a antigüidade do vehículo para coñecer a frecuencia da realización da inspección técnica periódica?
- A) A partir da data de matriculación que conste no permiso de circulación.
 - B) Desde o momento que dispoña o órgano competente da comunidade autónoma.
 - C) Dependerá da categoría/clase de vehículo de que se trate.
 - D) Ningunha é correcta.
29. Ao titular dun permiso ou licenza de condución que, tras perder a súa asignación total de puntos, obtivo novamente o permiso ou licenza de condución asignaráselle un crédito inicial de:
- A) Oito puntos.
 - B) Dez puntos.
 - C) Doce puntos.
 - D) Ningunha das anteriores.

30. Segundo o Real decreto lexislativo 6/2015, do 30 outubro, que aproba o texto refundido da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, a expedición e revisión dos permisos e licenzas para conducir vehículos a motor e ciclomotores é competencia:

- A) Do Ministerio do Interior.
- B) Da Administración xeral do Estado.
- C) Dos municipios.
- D) Ningunha é correcta.

31. A inspección técnica de vehículos para vehículos destinados ao transporte de mercancías ou cousas de masa máxima autorizada maior que 3,5 t para unha antigüidade ata 10 anos terá unha periodicidade:

- A) Bienal.
- B) Anual.
- C) Semestral.
- D) Ningunha das anteriores.

32. Cal das seguintes situacións é causa dun consumo excesivo de aceite?

- A) Tapa do cárter da distribución torcida ou rota.
- B) Cegoñal torcido, bombea polos reténs.
- C) Cando se emprega aceite con viscosidade demasiado pequena.
- D) Todas as anteriores.

33. Dentro do sistema de iluminación, que denominación teñen aquelas luces cuxa finalidade é emitir unha luz de corte afiado e asimétrico para evitarlles cegamentos a outros usuarios da vía?

- A) Faros antinéboa.
- B) Estrada ou longo alcance.
- C) Curto alcance ou cruzamento.
- D) Faros supletorios.

34. Con respecto ao termo silentblock, cal das seguintes afirmacións é incorrecta?

- A) É un bloque silencioso e antivibratorio.
- B) Esta feito dun material flexible ou elastómero.
- C) Os silentblock poden ser de caucho, de plástico ou doutros materiais que cumpran os criterios de elasticidade e de absorción das vibracións que reciben.
- D) É un bloque non silencioso nin antivibratorio.

35. Sinale a afirmación incorrecta:

- A) Os quentadores non son exclusivos de motores diésel.
- B) A mestura de combustible e aire non se acende mediante unha faísca, acéndese por compresión nos motores diésel.
- C) Os quentadores funcionan só antes de arrancar o motor, aínda que algúns quedan acendidos uns segundos máis para facilitar a combustión.
- D) Os quentadores facilitan o arranque dun motor diésel.

36. Unha ambulancia cunha antigüidade de sete anos, con que frecuencia realizará a inspección técnica periódica?
- A) Anual.
 - B) Bienal.
 - C) Semestral.
 - D) Trimestral.
37. Cantos puntos do permiso de condución resta conducir baixo os efectos de drogas ou estupefacientes?
- A) 4.
 - B) 6.
 - C) Perda de todos os puntos.
 - D) 2.
38. Os vehículos diésel emiten polos seus tubos de escape:
- A) Óxido de xofre.
 - B) Partículas carbonosas e alcatranadas.
 - C) Nitróxeno.
 - D) Todas son correctas.
39. Cal das seguintes características non se corresponde cun bo lubricante?
- A) Non ser inflamable.
 - B) Carencia de volatilidade.
 - C) Alta viscosidade.
 - D) Soportar altas presións.
40. Que elemento non forma parte da seguridade activa dun vehículo?
- A) Sistema de freada.
 - B) Sistema de dirección.
 - C) Cinto de seguridade.
 - D) Sistema de iluminación.
41. Cal dos seguintes periféricos é de entrada/saída?
- A) Teclado.
 - B) Escáner.
 - C) Módem.
 - D) Impresora.
42. Un ordenador básico estrutúrase nas seguintes unidades ou elementos funcionais (sinale a resposta incorrecta):
- A) Unidades de entrada.
 - B) Memoria interna.
 - C) Unidade central de proceso.
 - D) Controladores de entrada/saída.
43. Por razón do seu obxecto, os transportes poden ser:
- A) De viaxeiros e de mercadorías.
 - B) Públicos e privados.
 - C) Interiores e internacionais.
 - D) Públicos, privados e interiores.

44. Cal dos seguintes elementos non forma parte dun pneumático?

- A) Barras estabilizadoras.
- B) Lonas de carcasa.
- C) Talón.
- D) Os flancos.

45. Que tipos de defectos se poden establecer como resultado dunha inspección por parte da ITV?

- A) Defectos leves.
- B) Defectos graves.
- C) Defectos moi graves.
- D) Todas son correctas.

46. Segundo o Real decreto lexislativo 6/2015, do 30 outubro, que aproba o texto refundido da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, o titular dun vehículo ten as seguintes obrigacións:

- A) Facilitarlle á Administración a identificación do condutor do vehículo no momento de cometerse unha infracción. Os datos facilitados deben incluír o número do permiso ou licenza de condución que permita a identificación no Rexistro de Condutores e Infractores do organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico.
- B) Impedir que o vehículo sexa conducido por quen nunca obtivese o permiso ou a licenza de condución correspondente.
- C) As respostas A e B son correctas.
- D) Ningunha é correcta.

47. O hardware é un dos elementos principais que conforman o ordenador, cal é a súa definición?

- A) É a parte lóxica do ordenador. Está formado polas instrucións e programas que lle indican ao ordenador os pasos que hai que seguir para a obtención duns resultados.
- B) É un tipo de software que vén gravado na denominada memoria ROM, unha memoria que xa vén programada de fábrica e que é a encargada de iniciar o ordenador, comprobar e diagnosticar os compoñentes e localizar un sistema operativo que sexa capaz de tomar a substitución e administrar o ordenador.
- C) É o equipo físico. Son os compoñentes que constitúen o ordenador xunto cos dispositivos que realizan as tarefas de entrada e saída de datos.
- D) É o equipo físico e lóxico do ordenador. Está formada polos programas que lle indican ao ordenador que pasos ten que seguir e polos dispositivos de entrada e saída de datos.

48. Os buses pódense mostrar como conxuntos de liñas especializadas en levar diferentes tipos de información. Así mesmo, hai diferentes tipos de buses que se denominan:

- A) Buses de datos.
- B) Buses de dirección.
- C) Buses de control.
- D) Todas son correctas.

49. Segundo o Real decreto 97/2014, do 14 de febreiro, polo que se regulan as operacións de transporte de mercancías perigosas por estrada, os expedidores e transportistas de mercancías perigosas deberán conservar un exemplar ou copia da carta de porte:
- A) 6 meses.
 - B) 1 ano.
 - C) 5 anos.
 - D) Non é necesario conservala.
50. Elemento que non forma parte dun sistema de lubricación:
- A) Válvula de regulación de presión.
 - B) Filtro de aceite.
 - C) Bomba de aceite.
 - D) Árbore de levas.
51. Enténdese por luz de gálibo:
- A) Luz instalada o máis preto posible do bordo exterior máis elevado do vehículo e destinada claramente a indicar a anchura total do vehículo. En determinados vehículos e remolques, esta luz serve de complemento ás luces de posición dianteiras e traseiras do vehículo para sinalar o seu volume.
 - B) Dispositivo utilizado para indicar a presenza do vehículo mediante a reflexión da luz procedente dunha fonte luminosa independente do devandito vehículo, atopándose o observador preto da fonte.
 - C) Luz utilizada para indicar a presenza e a anchura do vehículo cando sexa visto desde diante.
 - D) Luz utilizada para lles indicar aos usuarios da vía que circulan detrás do vehículo que o condutor deste está a accionar o freo de servizo.
52. Compoñentes dos gases de escape en vehículos de gasolina:
- A) Osíxeno.
 - B) Dióxido de carbono.
 - C) Nitróxeno.
 - D) Todas as respostas son correctas.
53. Con respecto aos desgastes dos pneumáticos dun vehículo, sinala a resposta correcta:
- A) Se o desgaste do pneumático é polo centro, indica que a presión se mantén por encima do que recomenda o fabricante.
 - B) Se o desgaste do pneumático é cara aos lados, pode ser debido a que a presión está máis ben por baixo do recomendado.
 - C) A presión adecuada evita o desgaste e aforra combustible.
 - D) Todas as respostas son correctas.
54. Entre as emisións contaminantes dos coches atópanse o dióxido de carbono (CO₂), o monóxido de carbono (CO), óxidos de nitróxeno (NO_x), hidrocarburos non queimados (HC), compostos de chumbo, anhídrido sulfuroso e partículas sólidas.
- A) O enunciado é correcto.
 - B) O enunciado é correcto, agás os hidrocarburos non queimados.
 - C) O enunciado é correcto, a excepción do monóxido de carbono.
 - D) O enunciado é incorrecto.

- 55.** A conducción en vías urbanas supón un consumo sensiblemente superior á conducción en vías interurbanas. Cal das seguintes afirmacións non é correcta respecto da conducción en vías urbanas?
- A) Aumenta o tempo de funcionamento do motor ao ralentí.
 - B) Aumenta as arrancadas como consecuencia do número de detencións.
 - C) Aumenta as freadas e, polo tanto, a perda de inercia na circulación.
 - D) Aumenta a utilización de marchas longas nas que se consome máis carburante.
- 56.** Con respecto á inspección técnica obrigatoria de vehículos (ITV), cal das seguintes afirmacións é a correcta?
- A) Ten por obxecto asegurar que os vehículos en circulación manteñan unhas condicións de seguridade por encima dos mínimos esixidos.
 - B) Ten por obxecto minimizar o risco de accidentes por causas técnicas e contribuír a protexer o medio ambiente.
 - C) A ITV periódica é obrigatoria para todos os vehículos que teñan certa antigüidade.
 - D) Todas as respostas son correctas.
- 57.** Cal dos seguintes elementos pertence á seguridade pasiva do vehículo?
- A) O cinto de seguridade.
 - B) A dirección.
 - C) Os pneumáticos.
 - D) O control de estabilidade (ESP).
- 58.** Tipos de mantemento sistemático dun vehículo:
- A) Correctivo, predictivo, preventivo.
 - B) Dedutivo, predictivo, preventivo.
 - C) Correctivo e dedutivo.
 - D) Correctivo, dedutivo, preventivo.
- 59.** O sensor de osíxeno ou sonda Lambda controla as porcentaxes de aire e combustible que entran no motor. Cando se indica que unha mestura é rica en combustible en función do valor de Lambda?
- A) Lambda igual a 1.
 - B) Lambda menor ca 1.
 - C) Lambda maior ca 1.
 - D) Lambda igual a 2.
- 60.** Para seleccionar nun cartafol varios elementos contiguos:
- A) Esa opción non está dispoñible no sistema operativo Windows 7.
 - B) Cree un cadrado azul picando e mantendo o botón esquerdo do rato.
 - C) Cree un cadrado azul picando e mantendo o botón dereito do rato.
 - D) Cree un cadrado azul picando e mantendo o botón central do rato.
- 61.** Cal dos seguintes factores axudan e favorecen o aquaplaning?
- A) A velocidade.
 - B) A altura da capa de auga.
 - C) A presión de inflado do pneumático.
 - D) Todos os anteriores.

62. A inspección técnica de vehículos para vehículos e conxuntos de vehículos destinados ao transporte de mercancías ou cousas de masa máxima autorizada menor ou igual a 3,5 t para unha antigüidade de máis de dez anos será:
- A) Bienal.
 - B) Anual.
 - C) Semestral.
 - D) Trimestral.
63. Se conducindo un vehículo se incorpora á autoestrada por un carril de aceleración, debe asegurarse de que pode incorporarse sen perigo:
- A) Ao final do carril, deténdose incluso se fose necesario.
 - B) Deténdose sempre ao final do carril, para observar a posición, velocidade e traxectoria dos vehículos.
 - C) Ao principio do carril, deténdose incluso se fose necesario. A continuación, acelérase ata alcanzar a velocidade adecuada ao final do carril para incorporarse á circulación da calzada.
 - D) Ningunha é correcta.
64. De acordo co sinalado na Lei de ordenación do transporte, o incumprimento da lexislación aplicable en materia de tempos de condución e descanso dos condutores, realizando a condución durante máis de 6 horas sen respectar as pausas regulamentarias esixidas, supón unha sanción de:
- A) 801 euros a 1000 euros.
 - B) 1001 euros a 2000 euros.
 - C) 2001 euros a 4000 euros.
 - D) 4001 euros a 6000 euros.
65. Cal das seguintes afirmacións con respecto ás estacións da ITV non é correcta?
- A) Na estación de ITV non poderán realizarse traballos de reparación de vehículos.
 - B) A estación da ITV deberá ser imparcial en canto ás condicións nas que se realiza a inspección.
 - C) A estación da ITV fixará o seu horario de atención ao público de conformidade cos criterios que para o efecto estableceza o Estado.
 - D) A e B son correctas.
66. A dirección asistida pode renxer:
- A) Por falta de líquido.
 - B) Porque a correa que acciona a bomba estea destensada.
 - C) As respostas A e B son incorrectas.
 - D) As respostas A e B son correctas.
67. Se o seu vehículo superou favorablemente a inspección técnica periódica, que debe levar de forma obrigatoria nel?
- A) Un distintivo en lugar visible que sinale a data na que debe de pasar a próxima inspección e o informe da última inspección.
 - B) Só é necesario un distintivo en lugar visible.
 - C) Só é necesario o último informe da inspección.
 - D) Nada, pasa coma co seguro, están rexistrados e accédese a eles telematicamente.

68. Cal dos seguintes elementos forma parte dos amortecedores?

- A) Barra.
- B) Pistón.
- C) Cámara de aire.
- D) Todos os anteriores.

69. Segundo o Real decreto lexislativo 6/2015, do 30 outubro, que aproba o texto refundido da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, considérase falta moi grave:

- A) Participar en competicións e carreiras de vehículos non autorizadas.
- B) Circular en posición paralela con vehículos que o teñen prohibido.
- C) Circular nunha bicicleta sen facer uso da iluminación regulamentaria.
- D) As respostas A e B son correctas.

70. Síntoma de incorrecta aliñación do vehículo é:

- A) Diminución do nivel do líquido de freos.
- B) Falta de presión das rodas.
- C) Aumento da distancia de freada.
- D) Rápido e irregular desgaste dos pneumáticos.

71. Quen dos seguintes inventores desenvolveu o motor de gasolina de catro tempos, que foi a base para todos os motores posteriores de combustión interna?

- A) Karl Benz.
- B) Robert Bosch.
- C) Rudolf Diesel.
- D) Nikolaus August Otto.

72. A súa principal función é a de servir como depósito do aceite. De que elemento estamos a falar?

- A) Das baterías do vehículo.
- B) Do depósito de combustible.
- C) Do cárter.
- D) Ningunha é correcta.

73. De que cor é o feixe de luz que emite o sistema de iluminación traseira ao engrenar a marcha atrás desde a panca de cambios?

- A) Branco.
- B) Vermello intenso.
- C) Depende do modelo de vehículo.
- D) Ámbar intermitente.

74. O mantemento dun vehículo é o proceso de comprobacións e operacións necesarias para lles asegurar aos vehículos a máxima eficiencia, reducindo o tempo de parada para reparalos. Con respecto ao enunciado, sinale a resposta incorrecta:

- A) Mantemento correctivo. Aquel no que se reparan as diferentes partes do vehículo no momento en que deixan de funcionar ou empezan a fallar.
- B) Mantemento preventivo. Consiste en seguir as instrucións do fabricante, que se detallan no manual do vehículo por tipo de servizo e os espazos de tempo en que deben realizarse as operacións de mantemento.
- C) Mantemento correctivo. Aquel no que se reparan as diferentes partes do vehículo no momento que toca pasar a revisión do vehículo.
- D) Mantemento predictivo. Cando se realizan diagnósticos ou medicións que permitan predicir se é necesario realizar correccións ou axustes antes de que ocorra a avaría.

75. O emprego de turbocompresores aumenta a potencia e o rendemento dos motores aproveitando un determinado tipo de enerxía:

- A) A enerxía derivada do propio peso do vehículo.
- B) A enerxía dos gases de escape do motor.
- C) A enerxía cinética.
- D) Ningunha das anteriores.

76. Os transportes por estrada clasifícanse, segundo a súa natureza, en:

- A) Públicos e privados.
- B) Públicos, privados e interiores.
- C) Interiores e internacionais.
- D) Públicos, privados e internacionais.

77. Accións do condutor que inflúen no consumo de combustible:

- A) Arranque do vehículo.
- B) Utilización do acelerador.
- C) Uso das marchas de maneira adecuada.
- D) Todas as anteriores inflúen no consumo de combustible do vehículo.

78. En que tipo de calzada é peor a adherencia do pneumático?

- A) Pavimentos ríxidos.
- B) Pavimentos puídos.
- C) Pavimentos secos e limpos.
- D) Pavimentos rugosos.

79. Cal é o elemento do motor que une o pistón co cegoñal, e é un elemento fundamental na transformación do movemento?

- A) Pistón.
- B) Biela.
- C) Cegoñal.
- D) Volante de inercia.

80. Dos elementos que se citan, cal deles non pertence a un sistema de dirección?
- A) As manguetas.
 - B) Os palieres.
 - C) Os pivotes.
 - D) Todos eles pertencen a un sistema de dirección.
81. A cantidade mínima de información que podemos representar nun ordenador denomínase:
- A) Kilobyte.
 - B) Byte.
 - C) Bit.
 - D) Megabyte.
82. Se ao pisar o pedal de freo se observa que o morro do vehículo se inclina en exceso ou cando o vehículo absorbe con excesiva violencia as alteracións do terreo, é síntoma de:
- A) Un problema no sistema de dirección.
 - B) Amortecedor en mal estado.
 - C) Un embrague estragado.
 - D) Ningunha das respostas anteriores é correcta.
83. Cal dos seguintes elementos non forma parte do sistema de suspensión?
- A) Árbore de transmisión.
 - B) Bésta.
 - C) Barra de torsión.
 - D) Amortecedores.
84. Nun motor diésel con relación ao motor de gasolina, como é a comprensión?
- A) Igual.
 - B) Maior.
 - C) Menor.
 - D) Indistinta.
85. A función principal dos catalizadores é:
- A) Transformar os gases mediante unha reacción química, logrando que os hidrocarburos se convertan en auga e que o monóxido de carbono resultante pase a ser dióxido de carbono.
 - B) Transformar os gases mediante unha reacción química, logrando que os hidrocarburos se convertan en monóxido de carbono e que a auga resultante pase a ser dióxido de carbono.
 - C) Transformar os gases mediante unha reacción química, logrando que os hidrocarburos se convertan en auga e que o dióxido de carbono resultante pase a ser monóxido de carbono.
 - D) Ningunha é correcta.
86. Cales dos seguintes son elementos básicos do ABS?
- A) Sensores de velocidade de xiro nas rodas.
 - B) Válvulas de control.
 - C) Unha unidade de control.
 - D) Todos os anteriores o son.

87. O permiso B+E autoriza para conducir:

- A) Conxuntos de vehículos acoplados compostos por un vehículo tractor dos que autoriza a conducir o permiso da clase B e un remolque ou semirremolque cuxa masa máxima autorizada exceda de 3500 kg.
- B) Conxuntos de vehículos acoplados compostos por un vehículo tractor dos que autoriza a conducir o permiso da clase B e E e un remolque ou semirremolque cuxa masa máxima autorizada non exceda de 3500 kg.
- C) Conxuntos de vehículos acoplados compostos por un vehículo tractor dos que autoriza a conducir o permiso da clase B e un remolque ou semirremolque cuxa masa máxima autorizada non exceda de 3500 kg.
- D) As respostas A e B son correctas.

88. Cal dos seguintes non é un elemento exterior dun sistema de distribución?

- A) Árbore de levas.
- B) Taqués.
- C) Guías de válvula.
- D) Balancíns.

89. En que norma se regula a inspección técnica de vehículos?

- A) No Real decreto 2042/1994, do 14 de outubro.
- B) No Real decreto 750/2010, do 4 de xuño.
- C) Na Lei 39/2015, do 1 de outubro.
- D) Ningunha das anteriores é correcta.

90. O conxunto de todos aqueles elementos que contribúen a proporcionarlle unha maior eficacia e estabilidade ao vehículo en marcha e, na medida do posible, evitar un accidente denomínase:

- A) Seguridade activa.
- B) Seguridade pasiva.
- C) Sistema de control.
- D) Elementos de seguridade.

91. A inspección técnica de vehículos (sinale a resposta verdadeira):

- A) É un tipo de mantemento legal preventivo.
- B) A inspección técnica de vehículos e as estacións de ITV regúlanse mediante real decreto.
- C) As estacións de ITV son concesións administrativas.
- D) Todas son correctas.

92. A masa efectiva do vehículo e da súa carga, incluída a masa do persoal de servizo e dos pasaxeiros, denomínase:

- A) Masa en carga.
- B) Tara.
- C) Masa máxima autorizada (MMA).
- D) Masa por eixe.

93. Que tipo de freo se utiliza principalmente en camiións, autobuses e maquinaria pesada?
- A) Hidráulico.
 - B) Pneumático.
 - C) Manual.
 - D) Freos de banda.
94. Funcións dos amortecedores:
- A) Manter o control e a estabilidade nos vehículos.
 - B) Asegurar o contacto dos pneumáticos co chan.
 - C) Axudar a que a freada no auto sexa segura.
 - D) Todas son correctas.
95. Cando observamos nun pneumático un desgaste nos laterais da banda de rodaxe, deberase a:
- A) Falta de equilibrado.
 - B) Baixa presión de inflado.
 - C) Excentricidade da lamia.
 - D) Elevada presión de inflado.
96. A adherencia é mellor:
- A) Cos pavimentos de lastras ou que estean moi puídos (de aspecto brillante).
 - B) Cos pavimentos con deficiencias e irregularidades.
 - C) Cando a calzada está baixo os efectos de condicións meteorolóxicas adversas, tales como a choiva, a neve, o xeo ou a néboa.
 - D) Cos pavimentos flexibles, como os de alcatrán ou asfalto.
97. Nun vehículo, segundo o número de cilindros, os motores poden ser:
- A) Monocilíndricos ou policilíndricos.
 - B) De 2 ou 4 tempos.
 - C) Opostos ou en estrela.
 - D) Ningunha é correcta.
98. Comprobacións regulares no vehículo:
- A) Niveis de aceite e líquidos.
 - B) Presión dos pneumáticos.
 - C) Filtros.
 - D) Todas as respostas son correctas.
99. Nun carril reservado para autobuses, pode parar ou estacionar?
- A) Non, está prohibido.
 - B) Si, sempre que a liña sexa descontinua e deixe espazo para que poida pasar o autobús.
 - C) Só cando sexa por un tempo inferior a 2 minutos.
 - D) Ningunha é correcta.

- 100.** Se a inspección técnica dun vehículo é considerada favorable con defectos leves, o usuario debe:
- A) Corrixilos, pero non debe volver para a comprobación da corrección dos devanditos defectos.
 - B) Non é necesario corrixilos por seren defectos leves.
 - C) Corrixilos e volver para a comprobación da corrección do devandito defecto.
 - D) Non existe unha inspección técnica de vehículos favorable con ningún tipo de defectos.
- 101.** Cando se pon en marcha o electroventilador dun sistema de refrixeración dun vehículo?
- A) Ao pecharse o termóstato.
 - B) Sempre que o cegoñal estea virando move o electroventilador por medio da correa.
 - C) Ao alcanzar unha temperatura determinada o líquido refrixerante.
 - D) Ningunha é correcta.
- 102.** A manipulación do tacógrafo, do limitador de velocidade ou dalgún dos seus elementos, así como a doutros instrumentos ou medios de control que exista a obrigaón de levar instalados no vehículo, con obxecto de alterar o seu funcionamento ou modificar as súas medicións:
- A) Trátase dunha infracción grave recollida na Lei de ordenación dos transportes terrestres.
 - B) Trátase dunha infracción moi grave recollida na Lei de ordenación dos transportes terrestres.
 - C) Trátase dunha infracción leve recollida na Lei de ordenación dos transportes terrestres.
 - D) Non aparece recollida como infracción na Lei de ordenación dos transportes terrestres.
- 103.** Os obxectivos da política xeral de transportes e procurar a adecuada dotación das infraestruturas precisas para estes son unha competencia:
- A) Exclusiva do Goberno da nación.
 - B) Compartida entre as distintas comunidades autónomas e o Estado.
 - C) Exclusiva da comunidade autónoma.
 - D) Os tramos correspondentes ao Estado son competencia do Estado e os tramos correspondentes á comunidade autónoma son competencia da comunidade autónoma.
- 104.** Posibles medidas que habería que adoptar para evitar a contaminación (sinale a incorrecta):
- A) Usar correctamente o sistema de calefacción do vehículo.
 - B) Prestar atención ao tubo de escape.
 - C) Xestionar adecuadamente os aceites.
 - D) En vehículos de gasolina, non ter instalado o catalizador.

105. Para os efectos da responsabilidade civil na circulación de vehículos a motor e da cobertura do seguro obrigatorio, non se entenden por feitos da circulación derivados do risco creado pola condución dos vehículos a motor:

- A) Garaxes e aparcadoiros.
- B) Vías ou terreos públicos.
- C) Vías ou terreos privados.
- D) Recintos de aeroportos.

106. Un terabyte ten:

- A) 1024 gigabyte.
- B) 1 099 511 627 778 bytes.
- C) 1024 megabyte.
- D) As respostas A e B son correctas.

107. A posibilidade de visualizar algunhas filas dunha táboa de datos de Excel que cumpra unha condición concreta defínese como:

- A) Combinar celas.
- B) Filtrar.
- C) Subtotal.
- D) Inserir.

108. Cando se notan moito as irregularidades da estrada, pode ser debido:

- A) Aos amortecedores.
- B) Á transmisión.
- C) Á dirección.
- D) Á caixa de cambios.

109. Que usuarios dun turismo deben utilizar o cinto de seguridade?

- A) Todos.
- B) O condutor é o único que está obrigado, no resto de ocupantes é aconsellable.
- C) Están exentos os menores de 12 anos e as persoas de máis de 80 anos.
- D) Todas as respostas anteriores son falsas.

110. En Access, cantos tipos de caracteres se poden almacenar por cada campo no tipo de dato "Memo"?:

- A) 255 caracteres.
- B) 65 535 caracteres.
- C) 256 caracteres.
- D) 65 355 caracteres.